




Le o poema. Agora solve a ler cada unha das estrofas encadradas en verde e explica coas túas palabras o que conta. Por último, fai os exercicios relacionados.

Sabes que dixo a tía Estrella?

- Falaban Antía e Xoán á sombra da laranxeira unha tarde de verán.
- Sabes que dixo a tía Estrella? Que ten a cidade unha praza onde colle a vila enteira!
- Ti non cres que esaxerou? A cidade non é xigante, non hai praza semellante!
- E dixo que os rañaceos lles fan cóxegas ás nubes aílo no alto do ceo!
- Debe de estar tola! Que barbaridade... Contouche unha boa trola!
- Pode ser que esaxerase... Temos que ir alí un día e pescudar a verdade.
- Os dous xuntos? Máis non se fale!



1 Arrodea os personaxes que interveñen na conversa anterior.



2 Marca. Onde se atopaban os rapaces se estaban á sombra da laranxeira?



Debaixo da laranxeira.



Enriba da laranxeira.

3 Relaciona cada palabra da lectura co seu significado.

- rañaceos
- barbaridade
- trola
- pescudar

- Aquilo que se presenta como certo, pero é falso.
- Investigar para chegar a saber algo.
- Dito sen sentido, contrario á razón.
- Edificio que alcanza unha grande altura.

4 Explica. Que cres que quere dicir a oración Os rañaceos fanlles cóxegas ás nubes?



5 Escribe a carón de cada afirmación se é verdadeira ou falsa.

- Unha mañá de primavera, Xoán e Antía falaron sobre a cidade.
- Xoán explicoulle a Antía o que a tía Estrella lle contara sobre a cidade.
- A tía Estrella dixo que nunha praza da aldea collía a cidade enteira.
- Antía pensaba que o que contaba Estrella da cidade era certo.
- Xoán cría que quizais a tía Estrella esaxerara ao falar da cidade.

6 Responde.

- Que lle suxire Antía a Xoán ao final do texto?
- Xoán quere ir á cidade con Antía? Como o sabes?